


O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 16 OCT. 2025
ata a día 17 NOV. 2025
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DO 10 DE OUTUBRO DE 2025 NO QUE SE APROBAN AS BASES XERAIS PARA CUBRIR PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL, RESERVADAS A PROMOCIÓN INTERNA (VERTICAL E/OU HORIZONTAL) NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO (COTA XERAL OU COTA PERSOAS CON DISCAPACIDADE).

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 10 de outubro de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"Logo de ver a proposta da Sra. deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

As Ofertas de Emprego Público da Deputación Provincial de Lugo aprobadas con anterioridade, conteñen diferentes prazas vacantes dotadas reservadas a promoción interna, que neste momento aínda non foron provistadas, xa que están pendentes de tramitar os correspondentes procesos selectivos. Os procesos de

promoción interna realizados ata a data rexéronse polas Bases xerais aprobadas pola Xunta de Goberno de data 13.03.2020 (BOP 089, de 20.04.2020- corrección erros BOP 112, de 18.05.2020)

A actualización nos procesos e na formación requiren cambios na configuración das Bases xerais respecto á articulación dos trámites a realizar co obxectivo de facilitar ós interesados a participación nos procesos selectivos correspondentes e que estes poidan relacionarse con esta Administración por medios electrónicos.

Constatándose a necesidade de cobertura de prazas reservadas a persoal funcionario e laboral, propónse á Presidencia que eleve a presente proposta á Xunta de Goberno para que segundo as facultades que lle confire o artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (publicado no BOP nº 202, do 3 de setembro de 2020), ACORDE:

Aprobar as bases que rexerán os procedementos selectivos para cubrir prazas do cadro de persoal funcionario e laboral, reservadas a promoción interna (vertical e/ou horizontal) na Deputación Provincial de Lugo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.”

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso -administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses dende o día seguinte ao da citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

BASES XERAIS PARA CUBRIR PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL, RESERVADAS A PROMOCIÓN INTERNA (VERTICAL E/OU HORIZONTAL) NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO (COTA XERAL OU COTA PERSOAS CON DISCAPACIDADE).

1. OBXECTO DAS PRESENTES BASES XERAIS.

As presentes bases xerais teñen por obxecto establecer o procedemento xeral que rexerá a selección de persoal para prover as prazas de persoal funcionario e laboral que, estando vacantes no cadro de persoal funcionario ou laboral da Deputación Provincial e con dotación orzamentaria, estean reservadas a promoción interna vertical e/ou horizontal.

As bases xerais serán complementadas coas bases específicas para acceso ás prazas que se convoquen.

2. NORMAS DE APLICACIÓN.

Aos procesos selectivos reservados a promoción interna vertical e/ou horizontal, seralles de aplicación a seguinte normativa:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local;
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local;
- Real Decreto 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público;
- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública;
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o proceso de selección dos funcionarios da Administración Local;
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia;
- Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna dos funcionarios na administración da Comunidade Autónoma de Galicia;
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado;
- Real Decreto 2271/2004, de 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade;
- Acordo Marco para o persoal funcionario da Deputación provincial de Lugo;
- Convenio Colectivo para persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo;
- Orde PJC/804/2025, do 23 de xullo, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de medios e tempos e a realización doutros axustes razoables nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.
- Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 03.09.2020).

O presente documento estará
exposto no Taboieiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 16 OCT. 2025
ata 7 NOV. 2025 a
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

- O presente documento estará exposto no Taboeiro de Anuncios desde o día 16 OCT. 2025 até o día 17 NOV. 2025. O XEFE DA UNIDADE PORTERÍA E VIXIANCIA
- Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos da Entidade (BOP núm. 226 do 30.09.2006) da Deputación Provincial de Lugo;
 - Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas;
 - Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público;
 - Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores;
 - Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitaís (LPDGP).

3. CONVOCATORIA.

A Xunta de Goberno, tendo en conta as necesidades dos servizos, adoptará acordo no que se convoque ás persoas interesadas en participar nos procedementos selectivos para prover as prazas que corresponda, reservadas a promoción interna.

- A convocatoria de prazas de persoal funcionario, as bases xerais e as bases específicas publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOP), na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no Taboleiro de Anuncios da Entidade, enviando extracto da convocatoria e das bases ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e ao Boletín Oficial do Estado (BOE).
- A convocatoria de prazas de persoal laboral, as bases xerais e as bases específicas publicaranse, no Boletín Oficial da Provincia (BOP), na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no Taboleiro de Anuncios da Entidade.

Cando as bases xerais e/ou específicas xa estean publicadas no BOP, na convocatoria farase referencia ao Boletín Oficial da Provincia correspondente.

4. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

Para ser admitidas aos procesos selectivos as persoas aspirantes deberán reunir, na data de remate do prazo de presentación de instancias, ademais dos requisitos establecidos para o ingreso no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os que se sinalan a continuación:

a) Estar en posesión ou en condicións de obter o título académico oficial esixido nas bases específicas para a praza que se convoca.

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro, deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación do título.

b) Ter prestado servizos efectivos, durante polo menos dous anos na Deputación Provincial de Lugo, no inferior subgrupo, ou grupo de clasificación profesional, ou praza que se sinale nas bases específicas.

Os ditos servizos deberán ser como persoal funcionario de carreira cando a praza estea reservada a persoal funcionario ou persoal laboral fixo cando estea reservada a persoal laboral.

c) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

As persoas aspirantes que concorran a prazas reservadas a persoas con discapacidade, deberán ter recoñecido grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, condición que se deberá acreditar antes de rematar a prazo de presentación de solicitudes xunto coa mesma, de forma que si durante a proceso selectivo a mesma desaparecera ou diminuíse quedando por debaixo da porcentaxe sinalado, procederase de oficio a realizar o cambio a quenda de acceso libre.

5. SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN.

Para participar no proceso selectivo, as persoas aspirantes deberán presentar solicitude na que indicarán que reúnen todos os requisitos esixidos na base xeral 4 e nas bases específicas para ser admitidos, con anterioridade ao remate do prazo de presentación de instancias, e que están en condicións de acreditarlos antes de realizar as propostas de nomeamento.

As persoas aspirantes que soliciten adaptación de probas, por ter unha discapacidade igual ou superior ao 33%, deberán indicalo expresamente na solicitude, especificando o grao de discapacidade recoñecido polo órgano competente.

5.1 Modelo de solicitude.

O modelo de solicitude figura como Anexo II das presentes bases xerais. Estará a disposición das persoas que queiran participar no procedemento selectivo, na web corporativa da Deputación de Lugo, sede electrónica - catálogo de servizos - Recursos Humanos.

5.2 Lugar e forma de presentación da solicitude

As persoas aspirantes deberán xerar e presentar a solicitude de participación no rexistro electrónico da Deputación seguindo as seguintes pautas:

- Entrar na web corporativa da Deputación de Lugo, sede electrónica - recursos humanos - solicitude promoción interna, alta de solicitude.
- Acceder mediante certificado dixital utilizando un certificado electrónico recoñecido e válido.
- Cumprimentar a solicitude/formulario electrónico.
- Incorporar as acreditacións auténticas, validadas ou compulsadas dos documentos que se sinalan na base xeral 5.4.
- Asinar e rexistrar a solicitude.

5.3 Prazo de presentación

Será de vinte días naturais contados do seguintes xeito:

- Para convocatorias de persoal funcionario o prazo abrirase a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.
- Para convocatorias de persoal laboral o prazo abrirase a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

5.4 Documentación que se deberá achegar á solicitude.

As persoas aspirantes, que non teñan incorporado ao libro rexistro de persoal as acreditacións dos documentos que se sinalan a continuación, deberán achegar coa solicitude as seguintes acreditacións auténticas, validadas ou compulsadas:

- Titulación académica oficial esixida nas bases específicas de cada convocatoria.
- Nivel de galego esixido nas bases específicas de cada convocatoria.
- Certificado de discapacidade, no seu caso.

5.5 Relación de méritos e presentación das acreditacións.

Na solicitude de participación, as persoas aspirantes non terán que facer constar, nin acreditar os méritos que posúen.

Este trámite realizarase polas persoas que superen a fase de oposición seguindo as indicacións sinaladas na base xeral 8.2.1.

6. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

6.1 Listaxe provisional de admitidos e excluídos.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Presidencia da Deputación ditará resolución aprobando a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas e se é o caso excluídas, indicando nome e apelido e causa da exclusión cando proceda.

Esta resolución publicarase no BOP, na web corporativa da Deputación de Lugo- apartado Emprego Público- Recursos Humanos e no Taboleiro de Anuncios da Entidade.

6.1.1 Período de alegacións.

As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de 10 días naturais, contados a partir do día seguinte o da publicación da listaxe provisional no BOP, para poder corrixir os erros e/ou defectos que motivaron a exclusión.

Transcorrido o prazo indicado, de non emendarse a solicitude, as persoas interesadas decaerán no seu dereito, sendo excluídas definitivamente da listaxe de aspirantes.

Os erros materias poderán ser corrixidos de oficio, ou a petición do interesado, en calquera momento do proceso selectivo.

6.2 Listaxe definitiva.

De non presentarse alegacións á listaxe provisional, considerarase esta definitiva sen necesidade de nova publicación.

De existir alegacións á listaxe provisional, estas serán estimadas ou desestimadas pola Presidencia a través dunha nova resolución que deberá publicarse nos mesmos lugares que a lista provisional.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben

O presente documento estará
exposto no Taboleiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 16 OCT. 2025
ata a día 17 NOV. 2025
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA
P.D. [Firma]

presentar tras superar o proceso selectivo se desprenda que non posúan algún dos requisitos, decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación.

6.2.1 Recursos contra a listaxe definitiva.

Contra a resolución que aprobe a listaxe definitiva, as persoas aspirantes excluídas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición, diante do Presidente da Deputación, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia ou ben, recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación no Boletín Oficial da Provincia.

7. TRIBUNAL CUALIFICADOR.

7.1 Designación e composición do Tribunal.

O Tribunal cualificador será nomeado pola Presidencia da Deputación Provincial debendo posuír, en calquera caso, titulacións ou especializacións iguais ou superiores ás esixidas para o acceso á praza que se convoca, tendéndose á paridade entre homes e mulleres. A resolución pola que se aprobe a composición do Tribunal, deberá publicarse no BOP, na web corporativa da Deputación de Lugo - apartado Emprego Público (RRHH) e no Taboleiro de Anuncios da Entidade.

A súa composición será a seguinte, debendo ser funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo segundo o réxime xurídico da praza que se convoque:

Presidencia: a persoa que desempeñe o posto de xefatura de Recursos Humanos da Deputación Provincial de Lugo, ou funcionario que o substitúa.

Secretaría: a persoa que exerza a secretaría xeral da Corporación, ou funcionario que o substitúa.

Vogais: tres persoas técnicas ou expertas.

Por cada titular nomearase un suplente, podendo actuar indistintamente titulares ou suplentes.

Todos as persoas que formen parte do Tribunal cualificador terán voz e voto.

7.2 Incorporación de asesores e persoal de colaboración.

O Tribunal cualificador poderá propoñer a incorporación aos seus traballos de persoal asesor e/ou de colaboración, que terá voz pero non voto.

7.3 Abstención e recusación.

Os membros do Tribunal cualificador deberán absterse de intervir, comunicándoo á Presidencia, cando concorran circunstancias previstas no artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e, conforme determina o artigo 13.2 do RD 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional, cando realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria e, igualmente, cando realizen esa actividade dende a publicación da convocatoria.

A presidencia do Tribunal solicitará aos membros do Tribunal, asesores e colaboradores, que asinen unha declaración expresa de non atoparse incursos nas circunstancias prevista no artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público nin nas previstas no artigo 13.2 do RD 364/1995, de 10 de marzo.

Así mesmo as persoas aspirantes poderán promover a recusación dos membros do Tribunal de acordo co sinalado no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

A Presidencia da Deputación, ditará resolución cos novos integrantes do Tribunal que substituirán aos que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas de abstención ou recusación. Esta resolución publicarase no BOP, na web corporativa da Deputación de Lugo - apartado Emprego Público (RRHH) e no Taboleiro de Anuncios da Entidade.

7.4 Actuación do Tribunal.

Para a válida constitución do Tribunal, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos requirirase a concorrencia da metade, polo menos, dos seus membros (titulares ou suplentes) con presenza en todo caso da presidencia e da secretaría.

O procedemento de actuación do Tribunal axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e ao resto do ordenamento xurídico.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O Tribunal adoptará todas as decisións que lle corresponda para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo, resolvendo por maioría de votos dos seus membros tódalas dúbidas e propostas que xurdan para

O presente documento estará
exposto no Taboleiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 16 OCT. 2025
ata a día 17 NOV. 2025
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA
P.O. [assinatura]

aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases.

En caso de ausencia das persoas que desempeñen a presidencia tanto como titular e como suplente, actuará no seu lugar a persoa vogal designada en primeira orde.

O Tribunal adoptará as medidas oportunas para que os exercicios escritos se corrixan sen coñecer a identidade dos aspirantes, sempre que sexa posible, garantíndose o anonimato.

O Tribunal adoptará as medidas precisas para a adaptación das probas en persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% que o soliciten.

7.5 Pagamento de asistencias.

Os membros do Tribunal cualificador, así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, a percibir as correspondentes asistencias nas contías establecidas no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio de 2002, de indemnizacións por razóns de servizo, tendo en conta as actualizacións vixentes na data do feito causante.

8. SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o concurso - oposición conforme co sinalado no regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos desta Deputación Provincial, realizándose en primeiro lugar a fase de oposición.

Desenvolverase con suxeición aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade así como aos contemplados no artigo 55.2 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

As bases específicas poderán establecer como requisito indispensable da promoción interna ter realizado ou superado determinados cursos en función da praza á que se opta, así como establecer unha puntuación mínima na fase de concurso.

8.1 FASE DE OPOSICIÓN.

Constará das probas que se sinalan nas bases, sendo un exercicio teórico e outro práctico, todos obrigatorios e eliminatorios.

Ademais haberá unha proba de galego para as persoas aspirantes que non acrediten o nivel exigido nas bases específicas das prazas que se convoquen.

8.1.1 Exención de probas e/ou materias.

- Na promoción interna do persoal de oficios, dentro da súa especialidade, só se realizará exercicio práctico.
- Con fundamento no sinalado no artigo 80.3 da Lei 2/2015 de 29 de abril do emprego público de Galicia, así como no establecido no artigo 77 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, os aspirantes realizarán os exercicios sobre as materias cuxo coñecemento non se acredítase suficientemente nas probas de ingreso ao corpo ou escala de orixe.

A estes efectos, os aspirantes solicitarán certificación na que se concrete as materias das que están exentos.

8.1.2 Programa.

O programa figurará nas bases específicas das prazas que se convoquen.

Teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas co contido do programa que, con data límite da data de publicación do BOP da listaxe definitiva de admitidos e excluídos, contén con publicación oficial no boletín ou diario correspondente, aínda que a súa entrada en vigor estea diferida a un momento posterior.

As normas de dereito positivo relacionadas co contido do programa que foran derogadas parcial ou totalmente, serán automaticamente substituídas por aquelas que proceda a súa derogación parcial ou total, con data límite ao da publicación da listaxe definitiva de admitidos e excluídos no BOP.

8.1.3 Desenvolvemento dos exercicios - criterios xerais.

8.1.3.1 Citación para a realización dos exercicios.

A citación ao Tribunal e as persoas aspirantes para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, na web corporativa da Deputación de Lugo - apartado Emprego Público (RRHH) e no Taboleiro de Anuncios da Entidade, garantíndose unha antelación mínima de 15 días dende a data de publicación e a data do primeiro exercicio.

Unha vez publicado a data de comezo do primeiro exercicio, non será obrigatoria a publicación dos sucesivos anuncios no BOP. A citación para a celebración dos restantes exercicios/probas realizarase na web corporativa da Deputación de Lugo - apartado Emprego Público (RRHH) e no Taboleiro de Anuncios da Entidade.

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 16 OCT. 2025
ata a día 17 NOV. 2025
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA
P.D. [assinatura]

O Tribunal cualificador poderá realizar os exercicios de forma sucesiva, sempre que así se anuncie. Non obstante, as persoas aspirantes poderán solicitar que dende o remate dun exercicio ata o comezo do seguinte transcorra un prazo mínimo de 48 horas.

Os exercicios realizaranse sen outra asistencia que a das persoas aspirantes, os membros do Tribunal e as persoas designadas como asesores e/ou colaboradores.

8.1.3.2 Chamamentos.

Realizarase un único chamamento, excepto casos de forza maior, debidamente xustificados e apreciados libremente polo Tribunal cualificador, sendo excluído do proceso selectivo a persoa aspirante que non compareza.

No suposto das mulleres embarazadas que prevexan a coincidencia do parto coas datas de realización de calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do Tribunal, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse nas 48 horas seguintes ao anuncio da data do exame e levará consigo o consentimento da interesada para permitir o acceso do Tribunal cualificador ou do órgano convocante aos datos médicos necesarios relacionados coa súa situación.

O Tribunal cualificador decidirá en cada caso, con fundamento na información de que dispoña, se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un aprazamento da proba, ou ben ámbalas medidas conxuntamente. Non se admitirá recurso a respecto das decisións do Tribunal nesta cuestión, sen prexuízo de que as razóns de impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

8.1.3.3 Identificación.

O día da realización do primeiro exercicio, as persoas aspirantes deberán presentar o DNI, NIE, pasaporte, permiso de condución ou outro documento fidedigno que, a xuízo do tribunal, acredite a súa identidade.

8.1.3.4 Anonimato.

O Tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que as probas do proceso selectivo sexan corrixiadas sen que se coñeza a identidade das persoas aspirantes.

A estes efectos empregaranse tarxetas identificadoras nas que figurará un número de control que será o que utilice a persoa aspirante para participar nas probas.

Ditas tarxetas serán custodiadas nun sobre e asinado polos membros do tribunal ata que se rematen as correccións e se fagan publicas as cualificacións.

O Tribunal, poderá decidir si se utiliza a mesma tarxeta para todo o proceso selectivo ou unha diferente para cada proba.

Non obstante o anterior, as persoas aspirantes poderán ser requiridas polo Tribunal en calquera momento coa finalidade de acreditar a súa identidade.

O Tribunal anulará os exercicios nos que figuren elementos que permitan coñecer a identidade das persoas aspirantes, excluíndoas definitivamente do proceso selectivo.

8.1.3.5 Orde de actuación.

Cando sexa necesario, realizarase polo número que figure na Tarxeta de Control para realizar o exercicio, sempre de menor a maior.

8.1.3.6 Adaptación de probas.

Para aquelas persoas con discapacidade que solicitaran adaptacións, o Tribunal tomará as medidas precisas nos casos que resulte necesario.

Se durante a realización do proceso selectivo, o Tribunal ten dúbidas sobre a capacidade da persoa aspirante para o desempeño das funcións propias do corpo ou escala á que opta, poderá solicitar o ditame do órgano competente.

8.1.3.7 Criterios de corrección e cualificacións

Para respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer no acceso ao emprego publico, o Tribunal establecerá e informará ás persoas aspirantes, con anterioridade á realización dos exercicios, dos criterios de corrección, que non estean expresamente establecidos nas bases da convocatoria.

A cualificación da proba de cada opositor/a obterase, salvo nos supostos nos que se suscite decisión unánime, calculando a media aritmética das puntuacións outorgadas por cada un dos membros do Tribunal, excluindo as notas máis alta e a máis baixa, sendo a nota final a media aritmética das notas válidas non excluídas.

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 16 NOV 2025
ata a día 17 NOV 2025
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

Se como consecuencia da aplicación do procedemento anteriormente descrito, a cualificación se efectuara exclusivamente pola valoración de dous ou menos membros do tribunal, procederase a repetir a dita operación pero respecto daquelas notas máis altas e máis baixas. No suposto de existir cualificacións repetidas só se procederá a desbotar unha delas.

8.1.3.8 Alegacións.

As persoas aspirantes poderán presentar alegacións a cada un dos exercicios no prazo dos 3 días hábiles seguintes á publicación dos resultados na web corporativa da Deputación de Lugo - apartado Emprego Público (RRHH) e no Taboleiro de Anuncios da Entidade.

Resoltas as alegacións, no suposto de estimarse, deberán publicarse as oportunas correccións na web corporativa da Deputación de Lugo - apartado Emprego Público (RRHH) e no Taboleiro de Anuncios da Entidade. De non estimarse continuarase a tramitación sen máis trámite.

8.2 Fase de concurso.

A Fase de concurso constará dun baremo de méritos que se incorpora como Anexo I ás presentes desde o día 16 de outubro de 2025.

Os méritos dos aspirantes deberán ser auténticos, validados e compulsados e deberán acreditarse tal e como se sinala para cada apartado no Anexo I.

8.2.1 Procedemento para acreditación de méritos.

Todas as persoas aspirantes que superen a fase de oposición deberán realizar a acreditación de méritos mediante a incorporación da seguinte documentación á súa solicitude de participación:

Certificación de servizos prestados na que constará a antigüidade, grao, nivel de complemento de destino e cualificacións da avaliación de desempeño:

Este certificado será posto á disposición da persoa aspirante na súa solicitude de participación (sede electrónica da Deputación de Lugo – cartafol cidadán), deberá descargalo, asinalo e incorporalo de novo á citada solicitude se está de acordo coa información facilitada.

Ficha formativa dos méritos que figuran no seu expediente persoal:

Poderase acceder á ficha formativa a través da Intranet da Deputación de Lugo (intranet.deputacionlugo.org) - Empregado Público - Ficha formativa e incorporar as acreditacións que estimen oportunas que deberán contar con sinatura dixital ou código de verificación. No caso de non dispoñer de sinatura dixital nin de código de verificación, a persoa aspirante deberá presentar a documentación no Rexistro para a compulsa da mesma, e posteriormente incorporala na súa ficha formativa.

A continuación, deberá descargar a ficha en formato PDF, asinala e incorporala na solicitude de participación no procedemento selectivo.

Para este trámite disporán do prazo de **10 días hábiles** a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de acreditación de méritos na web corporativa da Deputación de Lugo - apartado Emprego Público (RRHH) e no Taboleiro de Anuncios da Entidade.

Finalizado este período, incorporárase de oficio por parte do Servizo de Recursos Humanos da Deputación de Lugo a ficha formativa definitiva e validada coa relación dos méritos acreditados.

8.2.2 Criterios xerais baremo de méritos.

O Tribunal procederá a realizar o baremo de méritos tendo en conta as acreditacións que figuren na ficha validada.

Os resultados deberán publicarse na web corporativa da Deputación de Lugo - apartado Emprego Público (RRHH) e no Taboleiro de Anuncios da Entidade.

En ningún caso, a puntuación da Fase de concurso poderá aplicarse para superar os exercicios da Fase de oposición.

8.2.3 Período de alegacións.

As persoas aspirantes disporán dun prazo de 3 días hábiles, dende o seguinte á publicación dos resultados no na web corporativa da Deputación de Lugo - apartado Emprego Público (RRHH) e no Taboleiro de Anuncios da Entidade para presentar alegacións.

Resoltas as alegacións, no suposto de estimarse, deberán publicarse as novas valoracións. De non estimarse, as valoracións provisionais consideraranse definitivas.

8.3 Cualificación final.

Virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e na fase de concurso, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes aprobados.

O presente documento estará
exposto no Taboleiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 16 de outubro de 2025
ata a día 17 NOV 2025
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXANCIA

No caso de empate acudirase, aos seguintes criterios ata que se resolva: 1º- Puntuación fase de oposición; 2º puntuación primeiro exercicio; 3º puntuación segundo exercicio; 4º puntuación antigüidade; 5º puntuación grao persoal consolidado; 6º puntuación fase de concurso. Se persiste o empate acudirase á orde de apelidos que determine para o ano da convocatoria, a Secretaría de Estado para a Administración Pública mediante sorteo público para a actuación dos aspirantes nas probas selectivas (Art. 17 do RD 364/1995).

9. LISTAXE DE APROBADOS E PROPOSTA DO TRIBUNAL.

O Tribunal publicará a relación dos aprobados pola orde decrecente de puntuación, e formulará proposta de nomeamento, ou modificación contractual, a favor das persoas aspirantes que obtiveran a maior puntuación, non podendo en ningún caso, seleccionar ou propoñer un número de aspirantes superior ao das prazas convocadas. Esta relación farase pública na web corporativa da Deputación de Lugo - apartado Empleo Público (RRHH) e no Taboleiro de Anuncios da Entidade.

Non obstante o anterior, e co fin de asegurar a cobertura das vacantes, cando se produzan renuncias das persoas aspirantes seleccionadas, o Tribunal establecerá unha relación complementaria das persoas aspirantes que sigan ás propostas por orde de puntuación.

Para os efectos previstos neste punto, terán a mesma consideración que as renuncias a non presentación, dentro do prazo fixado, da documentación ou cando do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados nas bases.

10. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

As persoas propostas disporán dun prazo de 20 días naturais a partir da publicación da listaxe de persoas aprobadas na web corporativa da Deputación de Lugo - apartado Empleo Público (RRHH), para presentar, sempre e cando non figuren no Libro Rexistro de Persoal, o documento compulsado que acredite estar en posesión do título esixido nas base específica que rexa cada convocatoria ou certificación académica que acredite ter realizado todos os estudos para a súa obtención ou demais requisitos que se esixan nas bases específicas.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá presentarse credencial da súa validación ou homologación ou ben a credencial de recoñecemento da titulación para exercer a profesión.

Estarán exentos de xustificar o resto das condicións e demais requisitos, por estar xa probados para obter o seu anterior nomeamento ou contratación.

As persoas aspirantes que dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, non presentaran a documentación non poderán ser nomeadas, no caso de persoal funcionario, nin resolver o procedemento selectivo a favor das persoas aspirantes para ocupar prazas laborais fixas, quedando anuladas tódalas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na instancia.

11. RESOLUCIÓN PROCESO SELECTIVO E NOVACIÓN CONTRACTUAL.

O Presidente da Deputación formulará proposta á Xunta de Goberno para resolver o procedemento selectivo a favor das persoas aspirantes propostas polo Tribunal, propoñendo o nomeamento como funcionarios de carreira ou a novación contractual para as persoas aspirantes a ocupar prazas laborais.

12. PUBLICACIÓN.

O acordo da Xunta de Goberno deberá publicarse no BOP, na web corporativa da Deputación de Lugo - apartado Empleo Público (RRHH) e no Taboleiro de Anuncios da Entidade.

13. INCOMPATIBILIDADES.

As persoas que obteñan as prazas convocadas, estarán sometidas ao réxime de incompatibilidades que determinan as disposicións vixentes (Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas).

14. TOMA DE POSESIÓN/NOVACIÓN CONTRACTUAL.

A toma de posesión ou a modificación contractual das persoas nomeadas a favor das que se resolveron os procedementos selectivos, efectuarase no prazo dun mes dende a data de publicación do acordo no BOP.

15. INFORMACIÓN Á XUNTA DE PERSOAL/COMITÉ DE EMPRESA.

De conformidade co sinalado no Acordo Marco Único de persoal funcionario e no Convenio Colectivo de persoal laboral, da Deputación Provincial de Lugo, informarase aos Presidentes da Xunta de Persoal e do Comité de Empresa do seguinte:

- Bases da convocatoria, xerais e específicas.
- A composición nominal dos Tribunais de selección.
- O lugar, data e hora da celebración dos exercicios.

O presente documento estará
exposto no Taboleiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 16 OCT. 2025
ata a día 17 NOV. 2025
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

P.O. 

16. DEREITO SUPLETORIO.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación.

17. RECURSOS.

Contra o acordo que aprobe as presentes bases xerais, definitivo en vías administrativa, poderán as persoas interesadas interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte da publicación no BOP ou recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses na forma prevista na lexislación reguladora da dita xurisdición, sen prexuízo de que poidan presentar calquera outro que estimen procedente.

18. NORMA FINAL.

As presentes bases xerais, e mailas bases específicas que se aproben para cada praza, e cantos actos administrativos se deriven delas, e da actuación dos Tribunais cualificadores, poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ANEXO I**BAREMO DE MÉRITOS QUE REXERÁ NA FASE DE CONCURSO**

A puntuación total do baremo de méritos non superará os 40 puntos.

1. ANTIGÜIDADE

A puntuación máxima neste apartado será de 8 puntos.

1.1 Criterios de valoración da antigüidade

A efectos de computar a antigüidade, ademais dos servizos na Entidade, teranse en conta os servizos recoñecidos polo órgano competente de conformidade co establecido na Lei 70/1978, do 26 de decembro, de recoñecemento de servizos previos na Administración pública sempre que cumpran os seguintes requisitos:

a) Para convocatorias a prazas de persoal funcionario:

Antigüidade como funcionario de carreira na escala, subescala, clase ou categoría, grupo/subgrupo e praza que se sinala na base específica 4

b) Para convocatorias a prazas de persoal laboral:

Antigüidade como persoal laboral fixo no grupo/subgrupo e na praza que se sinala na base específica 4.

1.2 Cadro de valoración da antigüidade:

POR CADA ANO COMPLETO DE SERVIZOS	
0.40 PUNTOS	O presente documento estará exposto no Taboeiro de Anuncios desta Deputación desde o día 16 OCT. 2025 ata a día 17 NOV. 2025

2. GRAO PERSOAL CONSOLIDADO

A puntuación máxima neste apartado será de 4 puntos.

2.1 Criterios de valoración grao persoal consolidado

Puntuarase o grao persoal que se teña consolidado.

2.2 Cadro de valoración grao persoal consolidado

POR CADA GRAO QUE EXCEDA DE 13	
0.30 PUNTOS	O XEFE DA UNIDADE PORTERÍA E VIXIANCIA

3. TRABALLO DESENVOLVIDO

A puntuación máxima neste apartado será de 10 puntos.

3.1 NIVEL DE COMPLEMENTO DE DESTINO

Valorarase ata un máximo de 4 puntos.

3.1.1 Criterios de valoración do nivel de complemento de destino

Puntuarase o nivel de complemento de destino correspondente ao posto de traballo que se ocupe con carácter definitivo.

3.1.2 Cadro de valoración nivel complemento de destino

POR CADA NIVEL DE COMPLEMENTO DE DESTINO QUE EXCEDA DE 13
0.30 PUNTOS

3.2. AVALIACIÓN DO DESEMPEÑO

Valorarase ata un máximo de 6 puntos.

3.2.1 Criterios de valoración avaliación do desempeño

Valorarase atendendo a cualificación outorgada á persoa aspirante nas avaliacións do desempeño dos 3 anos anteriores á convocatoria .

3.2.2 Cadro de valoración da avaliación do desempeño

CUALIFICACIÓN	PUNTUACIÓNS AVALIACIÓN DESEMPEÑO		
	ÚLTIMA	PENÚLTIMA	ANTEPENÚLTIMA
MOI EXCEPCIONAL (ME)	2,2	2,0	1,8
EXCEPCIONAL (E)	1,7	1,5	1,4
SUPERIOR (SP)	1,3	1,1	1,0
MOI SATISFACTORIO (MS)	0,9	0,7	0,6
SATISFACTORIO (S)	0,5	0,3	0,2

4. FORMACIÓN

A puntuación máxima neste apartado será de 18 puntos.

Puntuarase neste apartado a formación relacionada ou relevante co cometido funcional da praza/posto que se convoca.

4.1 TITULACIÓN ACADÉMICAS OFICIAIS.

A puntuación máxima neste apartado é de 4 puntos.

4.1.1 Criterios de puntuación das titulacións académicas.

Valoraranse as titulacións académicas que sexan relacionadas ou relevantes para o desempeño das funcións da praza/posto que convoca.

Non se valorarán a titulación académica esixida para participar no procedemento selectivo que se convoca.

Non se valorarán as titulacións que forman parte do itinerario para obter a titulación esixida para participar no procedemento selectivo.

Cando o aspirante teña máis dunha titulación de acceso, poderá valorarse ás que excedan da necesaria.

Cando se posúa máis dunha titulación na mesma rama ou especialidade so se puntuará a superior.

4.1.2 Cadro de valoración das titulacións académicas.

	PUNTUACIÓN	
	RELEVANTE	RELACIONADA
TITULACIÓN UNIVERSITARIA		
DOCTORADO	4,00	3,00
MASTER OFICIAIS	3,75	2,75
LICENCIADO	3,75	2,75
GRADUADO	3,50	2,50
DIPLOMADO	3,00	2,00

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 17 OCT. 2025
ata a día 17 NOV. 2025
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

TÍTULOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL		
CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN (FPC)	2,50	1,50
GRADO SUPERIOR (FPGS)	2,00	1,00
GRADO MEDIO (FPGM)	1,50	0,50
BÁSICA (FPB)	1,25	0,25
TÍTULOS ACADÉMICOS		
BACHARELATO	1,50	0,50
ESO	1,25	0,25

4.2 CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE

A puntuación máxima neste apartado será de 1 punto.

4.2.1 Criterios de valoración dos certificados de profesionalidade

Valoraranse os certificados de profesionalidade recollidos no Repertorio Nacional de Certificados de Profesionalidade cando estean relacionados co contido da praza/posto convocado ou sexan relevantes.

Non se valorarán cando os módulos do Certificado de Profesionalidade formen parte da titulación presentada para o acceso á praza, ou de titulacións valoradas no apartado de titulacións académicas.

Cadro de valoración dos certificados de profesionalidade

CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE	RELEVANTES	RELACIONADOS
NIVEL 1	0,30	0,15
NIVEL 2	0,50	0,25
NIVEL 3	1,00	0,50

4.3 ACTIVIDADES FORMATIVAS- MASTERES PROPIOS, CURSOS, XORNADAS, SEMINARIOS, CONGRESOS E SIMILARES.

A puntuación máxima neste apartado será de 9 puntos.

4.3.1 Criterios de valoración de másteres propios, cursos, xornadas, seminarios, congresos e similares.

Valoraranse as actividades formativas que estean relacionadas co desempeño das funcións da praza/posto que se convoca.

Só poderán valorarse as actividades formativas, másteres e títulos propios organizados e/ou impartidos directamente por:

A Deputación Provincial de Lugo, a Escola Galega de Administración Pública (EGAP), a Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), o Instituto Nacional de Administración Pública (INAP), ou escolas oficiais de formación similares do Estado, comunidades autónomas e Administración Local, universidades públicas, as impartidas no marco do Acordo de Formación para o emprego das Administracións Públicas (AFEDAP) e as realizadas polos Colexios Profesionais, en materias específicas da respectiva profesión.

Excepcionalmente poderán puntuarse actividades formativas impartidas por outros organismos públicos e privados cando, a xuízo do Tribunal, se motive a decisión.

Non se valorarán as asignaturas/materias (créditos) que formen parte dunha titulación académica, os cursos de doutorado, módulos, unidades de competencia ou partes integrantes dun curso.

Puntuarase como impartición a docencia universitaria, debendo acreditar as horas e materias impartidas.

Cando o aspirante acredite actividades formativas sobre as mesmas materias, quedará a xuízo do Tribunal puntuar as de maior contido, as máis actuais ou puntuar todas, motivando a decisión que adopte.

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 16 OCT. 2025
ata a día 17 NOV. 2025
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

P.O. 

4.3.2 Cadro de valoración.

TIPO DE ACTIVIDADE FORMATIVA	REALIZADAS NOS 10 ANOS ANTERIORES Á CONVOCATORIA	REALIZADAS ENTRE OS 11 E OS 15 ANOS ANTERIORES Á CONVOCATORIA
	PUNTUACIÓN POR HORA	
ASISTENCIA	0,020	0,010
APROVEITAMENTO	0,030	0,015
IMPARTICIÓN	0,060	0,050

4.4 IDIOMA GALEGO

A puntuación máxima neste apartado será de 2,5 puntos.

4.4.1 Criterios de valoración do idioma galego

Valoraranse os coñecementos do idioma galego superiores ao Celga 4, cando sexan relacionados co desempeño das funcións da praza/posto que se convoca.

Non se puntuará o nivel de galego esixido na convocatoria.

Só se puntuará a acción formativa que teña maior puntuación.

4.4.2 Cadro de valoración do idioma galego

NIVEL DE GALEGO	PUNTUACIÓN
Nivel de galego C1 ou Celga 4	0,50
Curso de nivel medio de linguaxe administrativa galega, curso de nivel medio de linguaxe administrativa local galega, curso de linguaxe xurídica galega, ciclo superior de estudos de galego das escolas oficiais de idiomas, nivel de galego C2 ou Celga 5	1,75
Curso de nivel superior de linguaxe administrativa galega ou curso de nivel superior de linguaxe xurídica galega	2,50

4.5 OUTROS IDIOMAS OFICIAIS

A puntuación máxima neste apartado será de 1,5 puntos.

4.5.1 Criterios de valoración doutros idiomas oficiais

O Tribunal poderá valorar idiomas oficiais que considere relacionados co desempeño das funcións da praza/posto que se convoca.

So se puntuará de cada idioma o nivel de maior puntuación.

Para a valoración teranse en conta os niveis recollidos no Marco Europeo Comunitario.

Os Idiomas non comunitarios valoraranse a xuízo do tribunal tendo en conta o cadro do Marco Europeo de referencia.

Outras actividades formativas ou cursos que se realicen por organismos oficiais tamén serán valorados a criterio do Tribunal.

4.5.2 Cadro de valoración de idiomas

IDIOMAS COMUNITARIOS MARCO EUROPEO	PUNTUACIÓN
NIVEL A1	0,25
NIVEL A2	0,50
NIVLE B1	0,75
NIVEL B2	1,00
NIVEL C1	1,25
NIVEL C2	1,50
OUTROS IDIOMAS OFICIAIS E CURSOS REALIZADOS POR ORGANISMOS OFICIAIS	Valoraranse a xuízo do Tribunal de considerarse de interese para o desempeño das funcións da praza/posto tendo en conta as puntuación anteriores.

O presente documento estará exposto no Taboero de Anuncios desta Deputación ata a día 17 NOV. 2025. O XEFE DA UNIDADE PORTERÍA E VIXIANCIA

P.O. 

5. ACREDITACIÓN DE MÉRITOS.

Os méritos serán acreditados conforme se sinala na base xeral 8.1.1.

Os méritos que figuren no libro rexistro de persoal deberán estar acreditados conforme se sinala a continuación:

5.1 Titulacións académicas

Documento auténtico, copia validada ou compulsada do título ou certificación de solicitude con abono de dereitos de expedición (no caso de equivalencia ou homologación de titulacións, deberá xustificarse co certificado expedido polo organismo competente para establecelas).

5.1 Certificados de profesionalidade

Documento auténtico, copia validada o compulsada do diploma que indique nivel e horas.

5.2 Acreditacións dos másteres propios, cursos, xornadas, seminarios, congresos e similares; publicacións, proxectos...

Documento auténtico, copia validada o compulsada realizarase do diploma, certificado ou calquera outro documento con validez legal, que acredite a denominación da acción formativa, contido, número de horas, determinación de si é de asistencia, aproveitamento ou impartición e entidade que organiza.

5.3 Acreditacións do nivel de galego e outros idiomas

Documento auténtico, copia validada ou compulsada do diploma, certificado ou calquera outro documento con validez legal.

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 16 OCT. 2025
ata a día 17 NOV. 2025
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

P.D. G. [Signature]

ANEXO II- modelo solicitude
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
PROMOCIÓN INTERNA
(FUNCIONARIO/LABORAL)

O presente documento estará
 exposto no Taboeiro de
 Anuncios desta Deputación
 desde o día 16 OCT. 2025
 ata a día 17 NOV. 2025
 O XEFE DA UNIDADE
 PORTERÍA E VIXIANCIA

A) DATOS DA CONVOCATORIA					
DENOMINACIÓN PRAZA					
RÉXIME XURÍDICO		BOP		SISTEMA SELECTIVO	CONCURSO- OPOSICIÓN

B) DATOS DA PERSOA ASPIRANTE:					
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO	
TIPO DE VÍA	NOME DE VÍA		NÚMERO	LETRA	ESCALEIRA
PISO	PORTA	PAÍS	PROVINCIA	CONCELLO	CODIGO POSTAL
TELÉFONO MÓBIL			CORREO ELECTRÓNICO		

C) ADAPTACIÓN DE PROBAS QUE SOLICITA

A) O/A ASPIRANTE DEBERÁ ACREDITAR MEDIANTE DOCUMENTOS COMPULSADOS QUE ACHEGARÁ Á SOLICITUDE:	
A TITULACIÓN ACADÉMICA QUE POSÚE	
O NIVEL DE GALEGO	
CERTIFICACIÓN DE DISCAPACIDADE	

SOLICITO A admisión ás probas selectivas e **DECLARO** que os datos consignados son certos, así como que reúno as condicións e requisitos esixidos na convocatoria, o que me comprometo a xustificar documentalmente.

Lugo,

Sinatura da persoa solicitante

☐ Autorizo expresamente ao Servizo de Recursos Humanos que inclúa o meus datos nun ficheiro automático para fin exclusivo do proceso selectivo no que solicito participar.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS	
Responsable do tratamento	DEPUTACIÓN DE LUGO
Finalidade do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión desta solicitude, así como a actualización da información e contidos dos expedientes persoais.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha obrigação legal aplicable ao responsable do tratamento.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas podan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Deputación de Lugo. Ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	• Teléfono: 982260000 -Fax: 982180004 • Correo electrónico: protecciondatos@deputacionlugo.org • Contacto DPD: dpd@deputacionlugo.org
Actualización normativa	No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

Para información adicional relativa á protección dos seus datos, por favor, consulte o enlace web:

http://deputacionlugo.gal/gl/rexistro_actividades_tratamento/xestion_servizo_rrhh

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta institución
desde o día 16 OCT. 2025
ata a día 17 NOV. 2025
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

[Firma manuscrita]

SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Lugo, 14 de outubro de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2837

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 16 OCT. 2025
ata a día 17 NOV. 2025
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

P.O. 